



BASES PARA A MONTAXE DE TABERNAS E POSTOS POR PARTE DE ASOCIACIÓNS, CLUBS E ENTIDADES MUNICIPAIS NO MERCADO MARIÑEIRO TRADICIONAL DAS XXI XORNADAS DE CULTURA MARIÑEIRA “MUROS MIRA AO MAR” 2026

1. Montaxe e acceso ao recinto

A montaxe das tabernas, paradas mariñeiras e postos participantes no Mercado Mariñeiro “Muros Mira ao Mar” 2026 deberá realizarse entre:

- O mércores 8 de xullo, a partir das 11:00 h, e o venres 10 de xullo ata as 9:00 h.

A partir das 9:00 h do venres 10 de xullo non estará permitido o acceso con vehículos ao centro histórico, polo que todas as estruturas deberán estar completamente montadas antes desa hora.

2. Horarios de apertura (cumprimento obrigatorio)

Todas as tabernas, paradas mariñeiras e postos deberán permanecer abertos obrigatoriamente durante os tres días do evento, cumprindo como mínimo os seguintes horarios:

Venres 10 e sábado 11 de xullo:

- De 11:00 a 15:00 h
- De 18:00 a 23:00 h

Domingo 12 de xullo:

- De 12:00 a 15:00 h

O cumprimento destes horarios é obrigatorio, non permitíndose o peche do posto durante estas franxas horarias salvo autorización expresa da organización.

Horario máximo de actividade: ata as **4:00 h**.

3. Decoración, ambientación e vestimenta

Todas as tabernas e postos deberán manter unha ambientación acorde coa temática do evento, inspirada nun mercado mariñeiro galego do século XIX.

Será obrigatorio:

- Empregar decoración tradicional e mariñeira
- Utilizar vestimenta acorde coa época
- Evitar elementos modernos visibles



Para a decoración recoméndase o uso de:

- Redes de pesca
- Velas de cor beixe ou branco
- Teas rústicas de cor beixe ou branco
- Apeiros tradicionais
- Madeira
- Canas
- Cunchas ou outros elementos mariñeiros

Evitarase o uso de plásticos visibles ou materiais que rompan a estética tradicional.

Todos os rótulos e carteis deberán estar en lingua galega.

4. Programa de actividades

Cada entidade participante deberá presentar obrigatoriamente un programa de actividades asociado ao seu posto.

Este programa será avaliado pola comisión organizadora, deberá ser aprobado previamente e pasará a formar parte da programación oficial do evento, non podendo ser modificado posteriormente.

Non se poderá realizar ningunha actividade que non fose comunicada previamente á organización.

5. Música e actividades musicais

A música deberá ser acorde coa temática do mercado mariñeiro e respectar tanto ás demais actividades como o descanso da veciñanza.

Establécense as seguintes normas:

- Ata as 21:00 h:

Unicamente se permitirá música ambiente e cun estilo acorde coas xornadas, que non poderá superar os 75 dB. A modo orientativo, este nivel equivale ao volume dunha conversa normal, polo que a música non deberá dificultar a comunicación entre as persoas presentes nin sobresaír por enriba do ruído ambiente.



Poderán ser autorizadas actuacións en directo sempre que estean relacionadas coa temática mariñeira. Estas deberán contar cunha autorización previa e individualizada para evitar solapamentos de son.

- Entre as 21:00 h e as 00:30 h

Só se permitirán actuacións de música en directo ou música ambiente.

- Non estarán permitidas sesións de DJ **antes das 00:30 h**. As sesións con DJ poderán realizarse unicamente desde as 00:30 h ata as 04:00 h.

A organización poderá requirir en calquera momento a redución do volume ou a interrupción da música se considera que supera os niveis adecuados ou xera molestias.

Todos os horarios de actuación deberán estar incluídos no programa aprobado pola organización.

6. Plano de ocupación e estruturas

Cada entidade solicitante deberá presentar un plano detallado de ocupación do espazo que inclúa:

- Dimensións da instalación
- Distribución do posto
- Localización exacta
- Estruturas a instalar (altura, ancho e fondo)
- Elementos decorativos
- Cartelaría
- Zona de atención ao público

A organización asignará os espazos nas rúas e prazas do centro histórico.

Será obrigatorio:

- Respectaras dimensións do espazo asignado
- Non invadir zonas de paso
- Cumprir coas marcas de delimitación do posto.

7. Electricidade e necesidades técnicas

Para utilizar as tomas de corrente eléctrica:

- Cada participante deberá traer o seu propio alongador eléctrico



- As conexións realizaranse sen obstaculizar as zonas de paso, co fin de garantir a accesibilidade, evitar accidentes e asegurar a seguridade do público.

As necesidades técnicas deberán indicarse na solicitude.

8. Documentación obrigatoria

As entidades interesadas deberán presentar:

- Programa de actividades proposto
- Plano detallado do posto
- Plano de localización
- Descrición da decoración, produtos e cartelaría
- Plano de ocupación e estruturas
- Nomeamento da persoa responsable
- Necesidades técnicas

9. Criterios de selección

O número de postos será limitado. As solicitudes valoraranse segundo os seguintes criterios:

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
Entidades con sede e actividade no Concello de Muros e implicación na vida social	ata 20 puntos
Antigüidade e historial de participación nas xornadas	ata 20 puntos
Organización de concursos, premios ou obradoiros	ata 20 puntos
Uso de produtos de quilómetro cero	ata 20 puntos
Concertos de música ao vivo	ata 20 puntos
Proxecto de montaxe e decoración	ata 20 puntos

A puntuación mínima para poder participar será de 60 puntos.

** Non se valorarán DJs ou actuacións por definir.*

10. Normativa sanitaria

Todos os postos gastronómicos deberán cumprir a normativa sanitaria vixente e contar co carné de manipulador de alimentos.



11. Envases e servizo

As bebidas e comidas deberán servirse preferentemente en recipientes artesanais, materiais reutilizables ou envoltorios acordes coa temática.

12. Limpeza e desmontaxe

Cada día as persoas responsables de cada taberna, parada mariñeiras e posto deberá recoller os seus produtos, retirar o lixo xerado e manter o espazo limpo.

O luns 13 de xullo pola mañá deberán desmontarse todas as estruturas, deixando o espazo en perfecto estado.

13. Presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse no rexistro do Concello de Muros ou a través da sede electrónica sede.muros.gal.

O prazo de presentación será **do 6 ao 20 de abril de 2026**.

Cada solicitante deberá presentar tamén un compromiso de cumprimento destas bases e o nomeamento de dúas persoas responsables para a coordinación coa organización.